


HORA DE LER

***CLUBS DE LECTURA EN
CENTROS DE ENSINO
SECUNDARIO***

CURSO 2020/2021
Informe



INTRODUCCIÓN

O **club de lectura** é unha actividade integrada no programa ***Hora de ler*** que promove a participación dun grupo de lectores e lectoras para compartir as súas experiencias coa lectura, coa mediación dunha persoa adulta.

Os clubs de lectura considéranse unha das fórmulas de maior interese para o fomento da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.


É unha práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura, avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros e coa participación nalgúns casos de pais, nais e outros membros da comunidade escolar, sempre coordinados por un profesor ou profesora. Unha boa parte dos clubs de lectura albergan máis de un grupo de lectura, dado o elevado número de integrantes do club. Habitualmente estes grupos organízanse en función da idade ou nivel de ensinanza.

O presente informe foi elaborado a partir dos datos obtidos da valoración das 233 memorias presentadas polos Clubs de lectura dos centros educativos que se acolleron á convocatoria anual de **Clubs de Lectura, no curso 2020/2021**, para os centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato (162 IES e 30 CPI, que suman o 82 % do total), pero tamén EOI (8 das 11 existentes), Centros integrados de formación profesional (5), Escolas permanentes de Adultos (4) e Conservatorio de Música (2).



ORGANIZACIÓN E PERIODICIDADE

No curso 20/21 constituíronse **889 grupos**, moderados por **694** profesores e profesoras. O alumnado participante foi de aproximadamente **8153** persoas. Ademais hai que engadir **78** clubs de adultos que tamén formaban parte dos Clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon máis de **9000** persoas.




Os grupos reúnen-se fundamentalmente en **horario** non lectivo, nos recreos (139 clubs) pero tamén sobresaen aqueles grupos que se reúnen en horario extra-escolar (95 clubs). Un dos momentos máis recorridos é o tempo de mediodía, entre a clase da mañá e tarde que permite ao club comer e falar entornando aos libros. Poucos clubs utilizan o horario

lectivo para reunirse, na *Hora de ler* son 9 e na materia, 19. Só 15 clubs se reúnen noutro horario.

En canto á **periodicidade**: semanal (53), quincenal (52) e mensual (71) son as máis frecuentes. Só 7 se reúnen trimestralmente e 16 tamén, teñen outra periodicidade.


LINGUAS E TEMÁTICAS

O total de títulos lidos foi de **1548**. O lectorado participante leu en diferentes **linguas**. En galego foron 1474 títulos (54 %); en castelán, 1130 (41 %); en inglés, 45; en portugués, 30; en francés, 29; en alemán, 13; e en italiano, 9. Esta presenza de linguas ten que ver, tamén, coa adhesión das escolas oficiais de idiomas ao programa.



O 27 % dos clubs de lectura teñen un **club temático**, sobre todo de banda deseñada (tamén de Manga e Anime), poesía (e prosa poética), linguas (inglés, francés, portugués, alemán), narrativa (ciencia ficción, novela histórica, de mulleres), teatro (artes escénicas e danza), de textos vinculados á ciencia (ciencias, ecoloxía, matemáticas, tecnoloxía, física e química), á historia, á filosofía, á cultura clásica, ao cine, á xeografía (viaxes literarias), música ou un club de escoita. Salientamos o incremento de clubs que acollen a diversidade e favorecen a inclusión, e tamén aqueles que promoven a igualdade e coeducación.

O **xénero** preferido dos clubs é a novela. Entre os 50 títulos máis lidos, 38 eran novelas, 6 de banda deseñada, 5 de poesía e un de teatro.



ACTIVIDADES

Con respecto ás **actividades** que se desenvolven nos clubs de lectura, ademais da propia lectura e posterior posta en común, pódense diferenciar aquelas que se desenvolven no propio centro como poden ser obradoiros de escrita (53), obradoiros de banda deseñada (22), representacións teatrais (31), cine/cinefórum (61) ou recitais (50).

Os obradoiros que se desenvolveron en torno ao club de lectura foron de poesía, microrrelato, oralidade, radionovela, diarios de lectura, cómic (manga fundamentalmente), ilustración, elaboración de guións de vídeo ou radio, de cultura oriental, xincanas ou de xogos de rol.

O **encuentro cos autores e autoras** é unha das actividades con máis éxito e 87 clubs tiveron a visita de escritores e escritoras e outras persoas do mundo da cultura como:

Alba Rozas	Fran Alonso	Montse Fajardo
Alberto Guitián	Fran P Lourenzo	Montse Penas
Alejandro Bouzó	Francisco Castro	Nando López
Ana Barral	Héctor Cajaraville	Natalia Carou
Ana Moreiras	Iria Misa	Nee Barros
Ana Romaní	Iria Taibo	Nicanor Alonso
Andrea Herrero	Isabel Soto	Olga Novo
Andrea Maceiras	Jorge Rubí	Oriol Estrada
Andrés Lamas	José M Espinar Mesa-Moles	Pepe Carballude
Antía Yáñez	Juan Besada	Pilar Bellver
Antón Mascato	Juan Iglesias	Primitivo Marcos
Anxo Fariñas	Juan Tallón	Raquel Castro
Arancha Nogueira	Lara Dopaz	Roberto Cagiao
Arantza Portabales	Laura Romero	Rocío Leira
Belén Sousa	Leandro Lamas	Rosa Huertas
Berta Dávila	Ledicia Costas	Rosendo Bugarín
Cándido Paniagua	Lucía Aldao	Rubén Ruibal
Care Santos	Mª Carmen Caramés	Serafín Marcos
Carla Blanco	Manuel Bragado	Sonia Mirón
Carlos Meixide	Manuel Loureiro	Susana Aríns
Carlos Negro	Manuel Núñez Singala	Valentín Alvite
Carlos Pereiro	Marcos Ceive	Victor Boullón
Celia Torres	María Lado	Xavier Frías
César Lorenzo	María Montenegro	Xesús Fraga
David Pobra	María Oruña	Xiao Berlai
David Rubín	María Reimóndez	Xosé Tomás
Defreds	Mario Pereira	Xulia Pisón
Diana López Varela	Mario Sánchez	Yayo Herrero
Elba Pedrosa	Marta Dacosta	Yolanda Castaño
Eli Ríos	Miguel Anxo Fernández	Yolanda Pena
Emma Pedreira	Miguel Mirás	
Eva Mejuto	Miriam Ferradáns	

Varios destes encontros realizáronse por videoconferencia.

Outras das actividades que se desenvolveron foron os **apadriñamentos lectores** (en 6 clubs), tanto no propio centro como con outros centros de Educación infantil e Primaria, pero tamén en residencias de maiores a través de videoconferencia.

Un total de 61 clubs organizaron actividades en torno ao **cine**: cinefórum, asistencia ao cine ou diferentes festivais (Cine Europa, Festival de Cans). A máis desenvolvida foi a de visionado de fragmentos de películas, curtametraxes e vídeos vinculados ás diferentes lecturas, ben porque existía unha versión cinematográfica ou porque a temática era de interese para o club.

En canto ao **teatro**, 31 clubs fixeron dinamización deste xénero, como actividade do centro, con pequenas representacións e lecturas dramatizadas, pero tamén representacións con sombras chinesas ou performances poéticas e de danza.

En relación ás actividades que se desenvolveron fóra do recinto escolar, 2 clubs asistiron ao teatro, pero debido a situación vivida algunha das mostras foi online.

Entre os **roteiros literarios e excursións e viaxes con lecturas incluídas** 49 clubs saíron dos centros de ensino para coñecer lugares ou actividades vinculadas a escritores. Moitos dos roteiros realizados este ano foron virtuais como por exemplo o do libro *A pel do mundo* de Berta Dávila ou a PALOP (países africanos de lingua portuguesa). Pero tamén se fixeron percorridos por Trasalba, Allariz, pola ría de Noia, visita ao estudo de dobraxe Iberolusa en Vigo, por Cariño, o Pazo de Oca, a Estrada, Tui, a Ribeira Sacra e Santiago de Compostela, o roteiro da memoria por Ribadavia ou o misterio de Portomarín. Así como percorridos a través de obras literarias, A illa de San Simón pola lectura realizada de *A lavandeira de San Simón*, visita á exposición de *Aquela nena de Sarria* adicada a Xela Arias, *Rosa mística de pedra* para coñecer a figura de Valle-Inclán, o *Souto dos catro ventos* de María Oruña ou *O bosque animado* en Villa Florentina. Así como diversas exposicións como a do Antigo Exipto e *As miradas de Isaac* na Cidade da Cultura, a Casa da Troya e *Corazón de chocolate* en Santiago ou *Jules Vernes e as mulleres planta* en Vigo.

A **colaboración con outras bibliotecas** (39) e entidades, establécese fundamentalmente coas bibliotecas municipais, a través do préstamo de libros, de visitas, e en menor medida, participando nas súas actividades como pode ser algún club de lectura ou presentacións de libros. As visitas a bibliotecas públicas e municipais son actividades frecuentes nos clubs.


Alguns clubs adoitan **visitar librarías e feiras do libro**. Entre as finalidades, están coñecer as librarías (algunhas temáticas, de cómic ou con fondo feminista), achegarse ás novidades ou seleccionar fondos para a biblioteca escolar.

Xa é cita anual dalgúns clubs a visita ao Salón do Libro de Pontevedra. É tamén frecuente a visita a ExpOtaku na Coruña ou do Comic-on de Moaña ou Tui.

COLABORACIÓNS ENTRE OS CLUBS

Os clubs adoitan **colaborar entre eles**. No curso 20/21 realizaron colaboracións interclubs **46** centros, o que representa o 20 % da totalidade de participantes. Algunhas destas colaboracións están xa consolidadas no tempo como a das Tertulias de Allariz, Tertulias literarias organizadas polo concello e a Deputación de Ourense, o Grupo Dado da Coruña ou as microrredes de Ferrol e a Mariña e outras son máis puntuais, como o profesorado que promove encontros entre os clubs, aínda que mude ano a ano. Obsérvase tamén o incremento dos clubs que se reúnen por proximidade xeográfica (por exemplo a Costa da Morte, Baixo Miño, sur de Lugo, A Estrada), outros por un club temático como o manga (Comic-on de Moaña ou Tui) ou por unha actividade determinada, como *Tui le ou Lemos le*.

Outro contacto entre clubs adoita facerse a través do intercambio de libros, o denominado **Libros a oito** (<http://librosaeito.blogspot.com/>)



PRODUCCIÓN DE MATERIAIS E DIFUSIÓN

En canto á **producción de materiais**, un número significativo destes clubs elaboran presentacións para achegar aos integrantes a lectura, o autor/a ou a obra. Tamén se elaboran por parte dalgúns clubs *booktrailers*, audiolibros, videoocreacións, videopoemas, videoanimacións, selfiesvídeo ou vídeos resumo das actividades. Cobra forza o uso da radio a través de podcast e de programas propios para a difusión e promoción de lecturas. Hai clubs que contan con canlesde Youtube para falar de libros.

A **difusión das actividades** adoita facerse a través do blog propio ou a través do blog da biblioteca. Están totalmente instaladas as redes sociais (grupos de whatsapp, facebook, twitter, Instagram) como medios de difusión (ou mesmo de convocatoria) das actividades desenvolvidas polo club. Estes últimos ano cobrou forza o uso do **libro electrónico** e das bibliotecas dixitais, nomeadamente a plataforma ELBE-2 ou GaliciaLe, debido á situación sanitaria ocasionada pola covid-19. Moitas das reunións dos clubs así como encontros con escritores e escritoras fixéronse de xeito virtual a través das diferentes plataformas usadas para conectarse a escola co alumnado.

Co gallo da celebración do Día do Libro, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da consellería de Cultura, Educación e Universidade fixo pública a Resolución de 23 de abril de 2021 pola que se recoñecía a Eva Mejuto co Premio dos Clubs de Lectura 2021. Este premio creouse en 2015 co obxecto de recoñecer cada ano a aqueles autores e autoras que, cos seus libros, axudan á construción de lectoras e lectores nestas etapas da adolescencia e a mocidade que, no ámbito da lectura, están consideradas como etapas de risco de abandono, ao ampliarse o abano de

estímulos e intereses. Até o momento recibiron este galardón os escritores Agustín Fernández Paz en 2015, Leticia Costas en 2016, Miguelanxo Prado en 2017, Carlos Negro en 2018 , María Reimóndez en 2019 e Andrea Maceiras en 2020.

Por último, o profesorado que coordina os clubs de lectura adheridos ao programa foi convocado a actividade de encontro e formación, *XIII Xornada dos Clubs de lectura*, que se desenvolveu o 4 de xuño de 2021 no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela. O programa desta xornada incluíu a entrega do Premio dos Clubs de Lectura 2021 que se vén outorgando ao autor ou autora galega máis lido/a polos clubs de lectura no curso precedente. Este galardón recibíuno nesta ocasión a escritora Eva Mejuto, quen tamén impartiu unha charla na xornada. O programa contou así mesmo coa participación de Marta Sanz, doutora en filoloxía, escritora e docente na Escuela de escritores de Madrid; José Miguel Tomasena, escritor, xornalista e profesor na Universitat Pompeu Fabra; Miguelanxo Prado, autor de banda deseñada, pintor, ilustrador, guionista e ilustrador de prensa, así como diferentes experiencias de clubs de lectura de centros que participan no programa.

Autores/as máis lidos/as nos Clubs de Lectura Curso 2020/2021		
Nº orde	Autor/a	Total (Entre todos os clubs)
1	Ledicia Costas	94
2	Agustín Fernández Paz	49
3	Care Santos	44
4	Jordi Sierra i Fabra	40
5	Andrea Maceiras Lafuente	39
6	Carlos Negro Romero	39
7	Eva María Mejuto Rial	32
8	Antía Yáñez Rodríguez	28
9	Xela Arias	26
10	Eloy Moreno	24
11	Manuel Núñez Singala	23
12	Marilar Jiménez Aleixandre	23
13	César Mallorquí	23
14	María Solar	22
15	Domingo Villar	22
16	María Reimóndez	22
17	Arantza Portabales	21
18	Berta Dávila Fernández	21
19	Agatha Christie	19
20	Miguelanxo Prado Plano	18
21	Paco Roca	18
22	Fran Alonso	17
23	Francisco Castro	16
24	John Boyne	16
25	Anémona del Río	15
26	Mark Haddon	15
27	Roald Dahl	15
28	Iria Misa	13
29	George Orwell	13
30	Carlos Ruíz Zafón	13
31	Óscar Wilde	12
32	Laura Gallego García	12
33	Art Spiegelman	12
34	R.J. Palacio	11
35	Chimamanda Ngozi Adichie	11
36	René Goscinny	11
37	Héctor Cajaraville Araújo	11
38	Fina Casalderrey	11
39	Rick Riordan	10
40	David Walliams	10
41	Pedro Feijoo Barreiro	10
42	Eva Mejuto	10
43	Julio Verne	10
44	Antoine Saint-Exupéry	10
45	María Menéndez-Ponte	9
46	Laetitia Colombani	9
47	Rosa Aneiros	9
48	Xabier Puente Docampo	9
49	Alfredo Gómez Cerdá	9
50	J.D Salinger	9

Os 50 títulos máis lidos no curso 2020/2021

Título	Autor	Gal	Cas	Fran	Total
Invisible	Eloy Moreno	0	20	0	20
Infamia	Ledicia Costas	20	0	0	20
O que sei do silencio	Andrea Maceiras Lafuente	18	0	0	18
Os nenos da varíola	María Solar	17	0	0	17
Memoria do silencio	Eva María Mejuto Rial	17	0	0	17
Engurras	Paco Roca	15	0	0	15
22 segundos	Eva María Mejuto Rial	15	0	0	15
Cartas de inverno	Agustín Fernández Paz	14	0	0	14
O corazón de Xúpiter	Ledicia Costas	14	0	0	14
Mentira	Care Santos	14	0	0	14
A proba de auga	Anémona del Río	13	0	0	13
Penúltimas tendencias	Carlos Negro Romero	12	0	0	12
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta	Ledicia Costas	12	0	0	12
A balada dos unicornios	Ledicia Costas	12	0	0	12
O curioso incidente do can á medianoite	Mark Haddon	11	1	0	12
O neno do pixama a raías	John Boyne	7	4	0	11
Darío a diario	Xela Arias	11	0	0	11
Mamá, quero ser Ziggy Stardust	Iria Misa	11	0	0	11
Conta nove estrelas	Andrea Maceiras Lafuente	10	0	0	10
A lavandeira de San Simón	Eva Mejuto	10	0	0	10
O derradeiro libro de Emma Olsen	Berta Dávila Fernández	9	0	0	9
A señorita Bubble	Ledicia Costas	9	0	0	9
A cabeza da Medusa	Marilar Jiménez Aleixandre	9	0	0	9
Be Water	Antía Yáñez Rodríguez	9	0	0	9
Aplicación Instantánea	Carlos Negro Romero	9	0	0	9
Beleza vermella	Arantza Portabales	8	0	0	8
Senlleiras	Antía Yáñez Rodríguez	8	0	0	8
Ollos de auga	Domingo Villar	8	0	0	8
Fóra do normal	María Reimóndez	8	0	0	8
A mansión dos Pampín	Miguelanxo Prado Plano	8	0	0	8
O vixía no centeo	J.D Salinger	5	3	0	8
Enderezo descoñecido	Kresmann Taylor	8	0	0	8
Rebelión en la granja	George Orwell	4	4	0	8
El principito	Antoine Saint-Exupéry	4	1	3	8
El príncipe de la niebla	Carlos Ruíz Zafón	3	5	0	8
As lágrimas de Shiva	César Mallorquí	6	2	0	8
Dez negriños	Agatha Christie	2	6	0	8
O último barco	Domingo Villar	7	0	0	7
Non te amola!	Xela Arias	7	0	0	7
Makinaria	Carlos Negro Romero	7	0	0	7
Un hijo	Alejandro Palomas	0	7	0	7
Intempériome	Xela Arias Castaño	7	0	0	7
O souto dos catro ventos	María Oruña	7	0	0	7
Wolfram. Espías, nazis e maquis	Alberto Varela Ferreiro	7	0	0	7
A praia dos afogados	Domingo Villar	7	0	0	7
O achado do castro	Manuel Núñez Singala	7	0	0	7
Death note	Tsugumi Ōba	0	6	0	6
Unha estrela no vento	Ledicia Costas	6	0	0	6
O pacto do letargo	Miguelanxo Prado Plano	6	0	0	6